

Bases reguladoras das Axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra para 2016

Primeira. Obxecto e natureza

No artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu cofinanciamento, establécese que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar aos gobernos locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, polos artigos 109.1.b da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Estas axudas xorden co obxectivo de lles proporcionar aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico, de maneira excepcional e extraordinaria, para poderen atender as demandas de urxente e puntual necesidade das veciñas e veciños do concello que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo.

Segunda. Destinatarios

Servizos sociais comunitarios municipais dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Terceira. Contía das axudas

Establécese unha contía máxima dispoñible para cada concello da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para investimento e gasto corrente en función da poboación e da porcentaxe de desemprego en relación ao total da súa poboación, respectando as cantidades subvencionadas na convocatoria do ano anterior.

(Consultar no anexo I a contía máxima que lle corresponde a cada concello. Fontes: Servicio Público de Emprego –SEPE–, maio de 2015, e Instituto Nacional de Estadística –INE–, 2014)

Cuarta. Persoas usuarias beneficiarias das axudas básicas de emerxencia

Persoas maiores de idade empadroadas en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda.

Daráselle prioridade a cubrir as necesidades de familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación de exclusión social ou en risco de estalo.

Quinta. Tipoloxía das axudas

a. Alimentación

Axudas destinadas á compra de alimentos, con especial atención á adquisición de perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por persoal facultativo (persoas celíacas, diabéticas ou con outras necesidades).

b. Uso da vivenda

Axudas destinadas a posibilitar que se continúe na vivenda habitual:

- Axudas para o pagamento de débedas de alugueiro que impidan o desafiuzamento

- Axudas para o pago da hipoteca, de maneira excepcional, cando a contía de cada cota sexa inferior a 450 euros e a débeda non sexa maior de seis cotas

- Axudas para o acondicionamento de habitabilidade da vivenda

c. Pago de recibos

Axudas destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibo de electricidade, gas, gasóleo ou auga.

d. Pago de produtos de hixiene e limpeza

Axudas destinadas á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, líquido lavalouza e outros) así como de produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina, etc.).

e. Pago de farmacia

Axudas destinadas ao pago de produtos farmacéuticos prescritos por persoal facultativo especialista ou polas médicas e médicos de atención primaria.

f. Adquisición de electrodomésticos básicos

Compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico, deshumidificador...) que a traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos considere que contribúen a favorecer a inclusión social das persoas máis desfavorecidas.

g. Pago de desprazamentos

Destinadas ao pagamento de desprazamentos a recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio concello cando sexan debidos a tratamentos, xestións ou actividades que non poidan ser levadas a cabo dentro del.

Así mesmo realizaranse pagamentos de desprazamentos dentro do propio concello cando estes sexan motivados polas xestións ou actividades relacionadas cos programas de educación familiar, servizo de axuda no fogar ou asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio concello.

Estes gastos deberán ir debidamente xustificados e acompañados do correspondente informe social que xustifique a súa necesidade.

h. Pago de lentes e audifonos

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audifonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e teñan prescrita esta axuda técnica. Así mesmo financiarase a compra de lentes a aquelas persoas con déficit visual diagnosticado e con necesidade do seu uso.

i. Axudas de apoio á infancia

No caso de menores de idade poderáselle facer fronte a gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados nesta base quinta que posibiliten a continuidade da persoa menor no seu medio familiar.

Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida das e dos menores e ir acompañados do correspondente informe social que xustifique a súa necesidade.

Sexta. Documentación, forma e prazo de solicitude para os concellos

O formulario para solicitar a participación nesta convocatoria estará a disposición dos concellos no enderezo www.depo.es. Nel deberanse indicar as cantidades de gastos correntes e/ou o investimento solicitado a este organismo provincial, atendendo ao máximo estipulado para o seu concello.

Este formulario, debidamente cuberto, deberá ser asinado pola secretaría do concello e presentarse no Rexistro xeral da Deputación ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial, que se detallan na seguinte táboa:

Denominación	Enderezo	Horario
Rexistro xeral da Deputación en	Avda. de Montero Ríos, s/n	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h e de 17:00 a 19 h

Pontevedra	Pazo provincial	Sábados, de 9:00 a 13:00 h
Rexistro da oficina de Vigo	Rúa Oporto, núm. 3	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Rexistro do ORAL en Pontevedra	Avda. de Marín, núm. 9, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Arbo	Rúa Luis Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Bueu	Rúa Eduardo Vicenti, núm. 8	Luns e xoves, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Caldas de Reis	Rúa José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Cambados	Rúa Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Rexistro do ORAL en Cangas	Praza das Pontes, s/n	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL na Cañiza	Rúa Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Crecente	Rúa Solís Ruíz, núm. 5	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL na	Avda. Benito Vigo, núm.	De luns a venres, de 8:30

Estrada	47, baixo	a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Lalín	Praza de Galicia, núm. 1, edificio Castro Tecnolóxico	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Moaña	Rúa Almansa, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL nas Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Nigrán	Rúa Damas Apostólicas, núm. 15	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Pontearreas	Rúa Concha Brey, núm. 4, baixo	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Ponte Caldelas	Avda. Galicia, núm. 17, edificio do concello	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL no Porriño	Rúa O Pinar, núm. 5	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h Xoves, de 16:00 a 18:00 h
Rexistro do ORAL no Rosal	Praza do Calvario, núm. 1, edificio do concello	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Sanxenxo	Rúa Carlos Casas, núm. 8	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Todos os mércores, de 9:00 a 13:30 h

Rexistro do ORAL en Tui	Rúa Coruña, núm. 26	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Vilanova de Arousa	Rúa Cruceiro, núm. 1 (esquina rúa Aromas de Leyenda, núm. 11)	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h

En caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro xeral da Deputación) este deberá certificarse **co selo de Correos no formulario da solicitude** para garantir que a data de remisión está dentro do prazo indicado na convocatoria.

Tamén poderá entregarse polos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estas bases reguladoras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPPO do extracto desta, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.depo.es e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará no prazo dun mes.

Concederase un prazo de 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión. En caso de non facelo desestimarase a súa petición.

Sétima. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, que realizará de oficio as actuacións que estimen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, deberán elaborar un informe-proposta, que se trasladará á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva.

Despois de transcorridos tres meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan unha resposta expresa entenderase desestimada a petición.

Oitava. Pagamento e xustificación

Estas axudas aboaráselles directamente aos concellos logo da súa aprobación en Xunta de Goberno.

Procederáse ao pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas logo de comprobar de oficio que a entidade receptora cumpre as súas obrigas tributarias coa Deputación.

O 50 % restante librarase tras a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación:

1. Copia compulsada das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas.
 - Non se considerará un documento con valor probatorio no ámbito mercantil ou administrativo unha factura relativa ao apartado a, "Alimentación", sen que estea detallada ou que achegue o correspondente recibo de compra.
 - No referente ao apartado b, "Uso da vivenda", soamente poderán estar incluídos os recibos ou gastos correspondentes ó ano 2016.
 - No relativo ao apartado g, "Pagos de desprazamentos", deberán achegarse as facturas dos desprazamentos debidamente cubertas.

2. Conta xustificativa dos gastos para cada unha das subvencións concedidas (unha para gastos correntes e outra para investimentos), atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poñan de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes das contas se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal e como se establece nas bases de

execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible na páxina www.depo.es).

3. Memoria de actividade empregando o modelo normalizado, dispoñible no enderezo www.depo.es, realizada polo traballador ou traballadora social responsable dos servizos sociais comunitarios municipais.

No caso de que as contías xustificadas sexan inferiores ao importe solicitado e recibido procederase ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas, de conformidade co establecido no artigo 89 do R. d. 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RLXS).

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2017.

Novena. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 465.000 euros, dos que 365.000 euros son para gasto corrente, con cargo á aplicación 16/231.2313.462.00, e 100.000 euros para investimento, con cargo á aplicación 16/231.2311.76200 do Orzamento provincial.

Décima. Vixencia

Esta convocatoria estará vixente ata o 31 de decembro de 2016.

Décimo primeira. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2016.

As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Décimo segunda. Interpretación

A interpretación e a resolución das dúbidas que poidan xurdir resolveraa a deputada delegada do organismo provincial, previo informe dos servizos de Cohesión Social e Xuventude, Secretaría e Intervención.

Décimo terceira. Publicidade

Débese facer constar, en toda a publicidade (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados e na páxina web que se elabore, a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Será condición indispensable para o cobro da subvención achegar, xunto co resto da xustificación, un documento probatorio: foto, folla de xornal ou captura de pantalla da web. As normas de imaxe institucional pódense consultar no seguinte enderezo: comunicacion@depo.es.

Anexo I

AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2016
Municipios de menos de 5.000 habitantes

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Agolada	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Arbo	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Barro	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Campo Lameiro	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Catoira	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Cerdedo	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Cotobade	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Covelo	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Crecente	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Cuntis	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Dozón	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Forcarei	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Fornelos de Montes	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Lama, A	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Mondariz	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Mondariz-Balneario	5.500,00 €	1.500,00 €	7.000,00 €
Moraña	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Neves, As	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Oia	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Pazos de Borbén	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Pontecesures	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Portas	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Rodeiro	5.000,00 €	1.400,00 €	6.400,00 €
Total	134.500,00 €	36.850,00 €	171.350,00 €

Municipios de entre 5.001 e 10.000 habitantes

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Cañiza, A	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Illa de Arousa, A	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Meaño	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Meis	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Ponte Caldelas	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Ribadumia	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Rosal, O	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Salceda de Caselas	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Salvaterra de Miño	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Silleda	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Soutomaior	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Valga	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Vila de Cruces	6.000,00 €	1.650,00 €	7.650,00 €
Vilaboa	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Total	100.500,00 €	26.950,00 €	127.450,00 €

Municipios de entre 10.001 e 15.000 habitantes

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Baiona	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Bueu	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Caldas de Reis	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Cambados	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Gondomar	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Grove, O	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Guarda, A	7.500,00 €	2.000,00 €	9.500,00 €
Tomiño	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Vilanova de Arousa	8.000,00 €	2.200,00 €	10.200,00 €
Total	71.000,00 €	19.400,00 €	90.400,00 €

